

¿CÓMO ACERCAMOS AOS MOZOS Á REALIDADE DA VIOLENCIA NA PARELLA? ALGUNHAS PROPOSTAS DENDE O DEREITO

María Castro Corredoira
Doutoranda de Dereito Penal
Universidade de Santiago de Compostela

TITLE: *¿HOW DO WE APPROACH YOUNG PEOPLE TO THE INTIMATE PARTNER VIOLENCE? SOME LEGAL WORK PROPOSALS FROM LAW STUDIES.*

RESUMO: A violencia no eido da parella é unha lacra social de trascendental importancia, tal e como vén sendo reflectido polas repetidas reformas lexislativas no ordenamento xurídico español. Unha das manifestacións do endurecemento punitivo da resposta a esta clase de violencia foi materializada a través da reforma lexislativa operada, entre outros, no Código Penal, a través da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Esta norma xurdiu como unha Lei transversal, incidindo, polo tanto, nas diversas aristas do fenómeno, e plantexando, así, medidas de moi diversa índole en aras á súa erradicación, como por exemplo medidas sociais, educativas, laborais ou penais. É precisamente no eido das medidas educativas no que se sitúa o presente traballo. Máis en concreto, no ámbito educativo superior, universitario. Plantexaranse algunhas propostas de traballo na titulación de Grao en Dereito, como forma de achegar á mocidade universitaria á realidade deste fenómeno.

ABSTRACT: *The intimate partner violence is a social scourge of transcendental importance, as it has been reflected in the repeated legislative changes that have occurred in the Spanish legislation. One of the manifestations of the gradual tightening of the punitive response to this kind of violence was materialized through the reform carried out in the Criminal Code by the Organic Law 1/2004, of December 28, on comprehensive protection measures against gender-based violence. This new regulation was approved as a comprehensive piece of legislation concerning the different aspects of the phenomenon. In this sense, it regulates various measures of very different nature such as the social, the educative, the labour or the criminal ones. Regarding the educative measures regulated in the mentioned Organic Law, this work seeks to provide some work proposals for the Law degree. More specifically, the proposed activities are prepared for Law students, as a way to approach them to the reality of the phenomenon.*

PALABRAS CLAVE: violencia na parella, violencia de xénero, adolescentes, propostas de traballo.

KEYWORDS: *intimate partner violence, gender-based violence, adolescents, work proposals.*

SUMARIO: 1. INTRODUCCIÓN. 2. O IMPERATIVO LEGAL DE OBRIGADA REFERENCIA. 2.1. *Normativa estatal.* 2.2. *Normativa autonómica.* 3. GRAO EN DEREITO: NOVAS METODOLOXÍAS PARA A ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DO DEREITO PENAL. 3.1. *O emprego de novelas como ferramenta didáctica.* 3.1.1. *Suxeitos.* 3.1.2. *Posición relacional.* 3.1.3. *Clases de violencia.* 3.1.4. *Ciclo de violencia* 3.2. *O emprego de películas como recurso metodolóxico de ensino.* 4. CONCLUSIÓNS. BIBLOGRAFÍA.

1. INTRODUCCIÓN

O progresivo incremento da preocupación social pola violencia no eido da parella é un feito indubitado e incontestable. A proliferación de estudos, campañas de prevención e sensibilización e o desenvolvemento de programas específicos de intervención con agresores de xénero, dá boa mostra delo. No eido das relacións xuvenís, isto é, no eido dos amores incipientes ou primeiras relacións adolescentes temperás, estase a manifestar un claro aumento de condutas violentas que, como consecuencia da frecuencia con que se producen, atópanse xa xeralizadas, e incluso normalizadas. Así o poñen de manifesto as máis recentes investigacións, como é o caso do estudo “Percepción da Violencia de Xénero na Adolescencia e a Xuventude”, promovido pola Delegación do Goberno de España para a Violencia de Xénero. Este estudo fraguouse en cumprimento do disposto na Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller (2013-2016)¹, e como manifestación concreta da importancia e da necesidade de mellora no coñecemento en materia de violencia de xénero.

Lonxe de afastarnos e desarraigarnos dunha sociedade claramente patriarcal, perpetradora dos valores e directrices condutuales de dominio do home fronte á muller, a normalización de certas condutas e patróns de control, submisión, humillación e maltrato tenden a normalizarse entre xs adolescentes. De feito, a percepción da desigualdade de xénero, aínda que se atopa extendida entre xs máis novxs, non é en idades temperás onde se amosa unha maior sensibilización e percepción deste tipo de condutas. Así se pon de manifesto no mentado estudo promovido polo Goberno de España, onde se expuxeron conclusións tan preocupantes como as que seguen:

- A poboación nova é un pouco máis tolerante que o conxunto da poboación coas condutas relativas á violencia de control.
- Un 81% da xuventude coñece a Lei Integral contra a Violencia de Xénero, o teléfono 016, ou lembra algunha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero.
- Unha de cada tres persoas novas non identifica os comportamentos de control coa violencia de xénero.
- A percepción da desigualdade entre homes e mulleres pola poboación xove é diferente en función do sexo, sendo maior nas mulleres que nos homes.

¹Disponible en:
www.violenciagenero.msssi.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2015/pdf/Libro20_Percepcion_Social_VG_.pdf

- A xuventude considera inaceptable a violencia de xénero así como a violencia física e a violencia sexual, sendo o rexeitamento da violencia de xénero algo superior nas mulleres novas que nos homes destas idades.

- A repulsa da violencia de xénero é maior entre as personas novas que coñecen os contidos da Lei Integral contra a Violencia de Xénero, o teléfono 016, ou lembran algunha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero, que entre quenes non coñecen ningunha destas medidas.

- O 88% dos adolescentes e a xuventude sabe a onde acudir para interpoñer unha denuncia por maltrato.

Polo exposto, e como puxo de manifesto a propia Delegada do Goberno para a Violencia de Xénero, Blanca Hernández Oliver, hoxe en día, é fundamental que a nosa mocidade, protagonista indiscutible da futura sociedade, coñeza, identifique e comprenda os diversos aspectos que atinxen á violencia de xénero. Especial atención merecen os primeiros sinais de maltrato, precisamente porque, como se amosa (non só neste estudo) é fundamental que xs adolescentes desenvolvan ás aptitudes e actitudes necesarias para identificar esta clase de situacións, e poidan poñerlles freo. O fin último que se persegue con todas estas medidas e formacións, é lograr unha sociedade libre de violencia contra a muller. Para elo, é fundamental prestar apoio a quenes a sufren, rexeitando atitudes e estereotipos que a promocionen ou xustifiquen. Non obstante, non é posible obviar, por fundamental, a necesidade da nosa propia actuación nun plano de igualdade, que propicie a convivencia pacífica en sociedade, dende o mutuo respecto.

Polo exposto, un axeitado tratamento da violencia de xénero require unha abordaxe global, integral, plural e interdisciplinaria, que facilite e promova o tratamento de todas e cada unha das aristas do fenómeno. É precisamente neste aspecto onde descansa a xustificación e o interese do presente traballo. Nas seguintes liñas, expóranse algunhas propostas de traballo co alumnado universitario do Grao en Dereito, a fin de achegar á mocidade á realidade deste devastador fenómeno, suscitando o seu interese por esta lacra, a partir das actividades propostas.

2. O IMPERATIVO LEGAL DE OBRIGADA REFERENCIA

Dentro desta pluralidade de ópticas no estudo da materia, interesa aquí a educativa ou docente, en concreto, a universitaria, á que o lexislador tentou incorporar unha sólida perspectiva de xénero. Boa mostra delo son as sucesivas novidades e reformas lexislativas que se veñen operando nas últimas décadas, ao abrigo do principio de igualdade consagrado na Constitución Española de 1978.

2.1. Normativa estatal

Como é sabido, a nosa Carta Magna consagra dito principio, en dúas vertentes concretas, descritas en sendos artigos da mesma norma.

Por unha banda, o artigo 9, no seu apartado 2º, regula o principio de igualdade material, establecendo o deber dos poderes públicos, de promover as condicións precisas para que a igualdade e a liberdade do individuo como suxeito particular, ou como integrante dun grupo, sexan efectivas. Correspóndelle tamén a estes poderes públicos remover os obstáculos que dificulten, ou incluso, impidan, a plenitude destes valores, así como facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, social, económica e cultural do Estado.

Por outra banda, o principio de igualdade formal ten acollida nas liñas do artigo 14 da Constitución, onde se consagran a igualdade de tódolxs cidadás e cidadáns ante a lei, sin que poida prevalecer discriminación alguna por razón de sexo, raza, relixión, nacemento, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social².

Tomando como referencia as premisas da Constitución, así como o disposto no artigo 111 do Tratado de Roma, no panorama nacional aprobáronse varias e sucesivas normas relativas á materia que aquí nos ocupa, como é o caso da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (en adiante, LO 3/2007); a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (en adiante, LO 1/2004); a Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro, de Medidas Concretas en Materia de Seguridade Cidadá, Violencia Doméstica e Integración Social dos Estranxeiros (en adiante, LO 11/2003); e a Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica (en adiante, Lei 27/2003).

² Ademais destas disposicións constitucionais, tal e como sinala a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, a igualdade entre homes e mulleres é un principio é un principio xurídico universal, e así é recoñecido en numerosos textos internacionais en materia de dereitos humanos, como é o caso da Convención sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Tamén se coñece a súa importancia a nivel supraacional ou comunitario, no ámbito da Unión Europea, dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, o 1 de maio de 1999. Coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007, traspuxéronse ao ordenamento xurídico español dúas Directivas da Unión Europea: a Directiva 2002/73/CE, de reforma da Directiva 76/207/CEE, referida á aplicación da igualdade de trato entre homes e mulleres no ámbito laboral; e a Directiva 2004/113/CE, que versa sobre o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e o seu suministro.

No que concerne ao tratamento da violencia de xénero, destacan tres leis: a LO 11/2003, a Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal (en adelante, LO 15/2003), e a LO 1/2004.

A primeira delas, a LO 11/2003, tomando como referencia o Plan de loita contra a delincuencia presentado polo Goberno de España o 12 de setembro de 2002, contempla unha serie de actuacións en materia de seguridade cidadá, estranxería e violencia doméstica. A raíz da aprobación deste Plan, o Pleno do Congreso dos Deputados, o 22 de outubro de 2002, acordou a creación dunha Comisión de Política Social e Emprego, co obxectivo de formular algunhas medidas legislativas que deran unha resposta integral fronte á violencia de xénero. O traballo de dita Subcomisión tivo unha ampla acollida. De feito, unha das súas conclusións de traballo foi moi respaldada polo propio Ministerio de Xustiza, e contemplaba a creación e a regulación dun novidoso instrumento, formulado como resposta á necesidade de atención integral e coordinación entre organismos, e coñecido como “orde de protección ás vítimas de violencia doméstica” (regulada na Lei 27/2003).

Pola súa parte, a Lei Orgánica 15/2003 introduciu importantes modificacións na regulación penal, as cales serían culminadas pola LO 1/2004, que se erixiu, até a actualidade, como pedra de toque da regulación española en materia de violencia de xénero.

Esta Lei Orgánica, como o seu propio nome indica, procuraba ser “integral”, isto é, conferir un *status* completo, multidisciplinario e detallado de aspectos de diversa natureza: sociais, asistenciais e de atención ás vítimas, preventivos, penais e, por suposto, educativos. Nesta liña, a súa multidisciplinarietàade formúlase, en primeiro termo, en socialización e educación, á luz da protección da igualdade, a liberdade e o respecto á dignidade humana.

A LO 1/2004 integra, no seu Título I, unha serie de medidas de sensibilización e intervención no eido educativo. O punto de partida fíxase na obriga das administracións e institucións de configurar un sistema que fomenta e procure unha formación integral nun marco de respecto á dignidade e a igualdade. Deste xeito, o artigo 4 incide na importancia de fomentar unha serie de principios e valores no ámbito da educación.

Con carácter xeral, e para tódolos niveis educativos, este precepto impón a inclusión, entre os obxectivos propios do ensino, da formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e na igualdade entre homes e mulleres, a liberdade e a tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia. Asemade, insta á inclusión, entre os criterios de calidade do sistema educativo español, da formación para a prevención de conflitos, e a súa resolución pacífica, así como a remoción dos obstáculos que dificulten ou imposibiliten

a plena igualdade entre mulleres e homes. A continuación, o precepto sinala obxectivos individuais para cada un dos niveles de ensino, dende a educación infantil, até o ensino superior universitario. A este respecto, impón a obriga de que as Universidades inclúan e fomenten en tódolos ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en igualdade de xénero e a non discriminación de forma transversal.

Na mesma liña, na LO 3/2007, o lexislador puxo de manifesto, unha vez máis, a importancia de configurar e coordinar políticas públicas que, como criterios de actuación xenéricos, velasen polo respecto ao principio de igualdade e á inclusión dunha sólida perspectiva de xénero. Cun talante máis individual e particular, esta norma alberga criterios específicos de actuación sectorial. Entre eles, interesan os que fomenten a igualdade en políticas educativas. Estas directrices de intervención atópanse pautadas no Título II desta Lei, rubricado “Políticas públicas para a igualdade”. En concreto, no seu Capítulo II, relativo á “Acción administrativa para a igualdade” onde atópanse os artigos 24 e 25, primordiais para a materia que nos ocupa.

Por unha banda, o artigo 24 regula a integración do principio de igualdade na política educativa. As Administracións educativas teñen a obriga de previr que se produzan desigualdades entre mulleres e homes como consecuencia de estereotipos sociais ou de comportamentos sexistas. Na mesma liña, velarán pola igualdade de trato entre mulleres e homes, procurando un igual dereito efectivo á educación. A fin de acadar estes obxectivos, o precepto tamén establece as actuacións que, no ámbito das súas competencias, levarán a cabo as Administracións educativas:

- A especial atención, en tódalas etapas educativas e en tódolos currículos, ao principio de igualdade entre homes e mulleres.
- A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade, tanto nos cursos como nos programas para a formación inicial e permanente do profesorado³.
- A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

³ Neste sentido, *vid.* tamén o contido do artigo 7 da LO 1/2004, sobre formación inicial e permanente do profesorado en materia de igualdade, onde se establece que dita formación debe estar orientada cara a consecución dunha serie de técnicas e habilidades por parte dxs profesorxs. En concreto, incídise na importancia de formalxs para que sexan elxs sexan capaces, á súa vez, de: educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, da igualdade entre homes e mulleres, e no exercicio da tolerancia e da liberdade; educar na prevención e resolución pacífica de conflitos; fomentar actitudes encamiñadas cara o exercicio da igualdade efectiva, tanto no ámbito público como doméstico. Por último, e fundamental para a materia que nos ocupa, o precepto incide na importancia de formar ao profesorado para que este sexa capaz de detectar, de xeito precoz, situacións de violencia no eido familiar.

- A eliminación e a repulsa daqueles comportamentos, contidos e estereotipos sexistas que supoñan unha patente discriminación entre mulleres e homes. Especial consideración merecen, a este respecto, os contidos de libros de texto e materiais educativos.
- O establecemento de medidas educativas destinadas ao ensino e recoñecemento do papel das mulleres na historia.
- A cooperación co resto de Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos, actividades e programas dirixidos a fomentar e difundir o coñecemento dos principios de coeducación e igualdade efectiva entre as persoas integrantes da comunidade educativa.

Por outra banda, o artigo 25 incide na igualdade no eido da educación superior, establecendo a obriga das Administracións públicas de velar polo ensino e a investigación en materia de igualdade entre mulleres e homes. De modo específico, dispón que as Administracións públicas competentes no ámbito da ensinanza superior deben promover a inclusión, nos plans de estudo, do ensino en materia de igualdade; crear postgrados específicos e realizar investigacións e estudos especializados nesta materia.

Do contido de ambos preceptos e, máis particularmente, conectando a promoción da cooperación entre Administracións para fomentar o coñecemento e difusión da coeducación e a igualdade efectiva do artigo 24, coa promoción das Administracións públicas da inclusión, nos plans de estudos pertinentes, o ensino en materia de igualdade entre mulleres e homes, extráese o interese da experiencia proposta.

2.2. *Normativa autonómica*

A preocupación global pola promoción da igualdade efectiva tamén tivo expresión a nivel autonómico⁴. No caso de Galicia, contamos coa Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a

⁴ Vid. normas autonómicas: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero, de Andalucía; Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón; Lei 16/2003, de 8 de abril, de Prevención e Protección Integral das Mulleres contra a Violencia de Xénero, da Comunidade Autónoma de Canarias; Lei 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas, da Comunidade Autónoma de Cantabria; Lei 1/2003, de 3 de marzo, de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Castela e León; Lei 5/2001, de 17 de maio, de Prevención de Malos Tratos e de Protección ás Mulleres Maltratadas, de Castilla La Mancha; Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista, de Cataluña; Lei 9/2003, de 2 de abril, para a igualdade entre Mulleres e Homes, da Comunidade Valenciana; Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero, da Comunidade Autónoma de Madrid; Lei 8/2011, de 23 de marzo, de Igualdade entre Mulleres e Homes e contra a Violencia de Xénero en Extremadura; Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista, de Navarra; Lei Foral 33/2002, de 28 de novembro, de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de Navarra; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes, do País Vasco; Lei

prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (en adiante, Lei 11/2007)⁵, cuxa Exposición de Motivos (aptdo. 9) pon de manifesto a obriga das administracións de procurar unha formación que evite e elimine os mitos sobre a violencia de xénero e que, ademais, prepare ás e ós profesionais para facer efectivos os protocolos de actuación. Sobre estes extremos, a lei prevé, en materia de prevención da violencia de xénero (Título I da Lei) un Capítulo (II) adicado ás medidas educativas (arts. 16 a 23, ambos inclusive).

Por razón da especificidade das actividades que se van propor a continuación, interesan os artigos 16 (actitudes) e 19 (revisión e adaptación de materiais). O artigo 16 dispón que a Administración educativa galega, en colaboración co departamento que resulte competente en materia de igualdade, promoverán as actividades que, destinadas á prevención de condutas sexistas e da violencia de xénero, fomenten o diálogo, o respecto mutuo, e todas aquelas actitudes e valores que obren en aras a un desenvolvemento pleno en igualdade.

Para rematar, o primeiro inciso do artigo 19 dispón que o Departamento da Xunta de Galicia que resulte competente en materia de educación, coidará que se inclúa unha adecuada perspectiva de xénero en tódolos niveis educativos e, en concreto, nos seus contidos e procedementos.

3. GRAO EN DEREITO: NOVAS METODOLOXÍAS PARA A ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DO DEREITO PENAL

O feito de que nos últimos anos se teña impulsado o coñecemento e a loita contra esta lacra social ten contribuído a crear a necesidade de achegarse ao fenómeno para poder ter unha visión global do mesmo. No eido de dereito, son moitas as ramas que abordan esta materia (dereito penal, dereito procesual, etc.). Porén, todo o peso da explicación desta clase de violencia cae no ámbito do dereito penal, pois hoxe en día a violencia de xénero goza dunha protección penal reforzada.

Co fin de que o alumnado chegue a comprender e contextualizar correctamente a clase de violencia que están a estudar a través dos distintos tipos penais, resulta vital achegalos á realidade do fenómeno, dunha forma sinxela. Para iso, unha cuidada e axeitada selección de novidosas ferramentas pedagóxicas pode ser de gran utilidade, tendo en conta que promoverán, activamente, o compromiso e o interese do alumnado pola materia estudada.

11/2016, de 28 de xullo, de igualdade de mulleres e homes; Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Homes e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia.

⁵ A lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, estivo en vigor até o 18 de febreiro de 2016.

3.1. O emprego de novelas como ferramenta didáctica

Afastándonos dunha metodoloxía puramente teórica a expositiva, o emprego de novelas pode favorecer a adquisición de coñecementos⁶ e achegar ao alumnado á realidade do fenómeno da violencia de xénero.

Bo exemplo do expresado é a novela titulada “Algún amor que no mate”, de Dulce María Chacón, datada do ano 1996. A devandita obra relata a historia de Prudencia, unha muller maltratada polo seu marido quen, ao mesmo tempo, mantén unha relación extramatrimonial con outra muller, á que tamén maltrata. A obra, que se caracteriza por unha prosa moi sinxela, goza, porén, dun gran contido, o que permite ao alumnado profundizar nalgúns dos principais aspectos do fenómeno da violencia de xénero.

3.1.1. Suxeitos

“Algún amor que no mate” permítenos coñecer que é en concreto a violencia de xénero, e cales son os principais suxeitos intervinentes nela. A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, define no seu artigo 1.1 a violencia de xénero como “manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido seus cónxuxes ou de quen sexan ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia”. En relación ao suxeito pasivo, existe un amplo consenso, tanto na doutrina como na xurisprudencia, sobre o feito de que só poder ser suxeito pasivo a muller⁷.

Porén, plantéxanse maiores dúbidas sobre o suxeito activo, pois non existe acordo acerca de si o delito deberá ser cometido necesariamente por un home, ou si, pola contra, asumindo un criterio menos restritivo, tamén pode cometelo unha muller.

A doutrina maioritaria mantén que o suxeito activo só pode ser o home⁸, por entender que a violencia de xénero se restrinxen, en exclusiva a unha clase de violencia concreta que ten por

⁶ Vid. CARDINAUX, N., “La literatura en el proceso de investigación y enseñanza del derecho”, *Derecho y Ciencias Sociales*, nº 11, outubro 2014, pp. 2 e ss.; SUÁREZ LÓPEZ, J. M., “La importancia del empleo de metodologías innovadoras en la enseñanza del Derecho penal”, *Anales del Derecho*, nº32, 2014, pp. 5 e ss.; CARDINAUX, N., “Inserciones de la literatura en la enseñanza del Derecho”, *Academia. Revista sobre la enseñanza del Derecho*, Año 13, nº 25, 2015, pp. 2 e ss.

⁷ Vid. por todos GUINARTE CABADA, G., “Algunas cuestiones polémicas en la interpretación de los delitos de violencia de género”, en RODRÍGUEZ CALVO, M., VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, F., *La violencia de género. Aspectos médico-legales y jurídico-penales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, pp. 215 e ss.

⁸ Vid. por todos MIRAT HERNÁNDEZ, P., ARMENDARIZ LEÓN, C., *Violencia de género versus violencia doméstica: consecuencias jurídico-penales. Estudio del Título IV de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género*, Difusión Jurídica y Temas de Actualidad S.A., Madrid, 2006, p. 76.

razón o sexo⁹.

O Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial ao Anteproxecto de Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, de 24 de xuño de 2004, indicaba que esta nova regulación supuña, na orde penal, unha agravación da responsabilidade penal do home, cando o feito teña como suxeito pasivo da acción delictiva a unha muller. Tamén a Fiscalía Xeral do Estado, na súa Circular 4/2005, relativa aos criterios de aplicación da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero apuntou que, para que os actos de violencia contra a muller poidan ser englobados no ámbito de actuación desta Lei Orgánica, é preciso que se teñan cometido por un home, contra unha muller, e que entre eles exista, o teña existido, unha relación conxugal ou de afectividade análoga. Asemade, o Tribunal Constitucional, na súa STC 59/2008, de 14 de maio, sinalou que, a pesar de que entendía que se interpretase que as mulleres poidan ser suxeitos activos da violencia de xénero, en virtude do tenor do artigo 1.1 da LO 1/2004, polo seu propio obxecto, este plantexamento ten que ser rexeitado.

Partindo desta concepción, as relacións homosexuais, tanto entre homes como entre mulleres, quedan excluídas do ámbito de aplicación dos delitos de violencia de xénero¹⁰.

Neste mesmo senso, un sector importante da xurisprudencia, reunido no Seminario de Formación organizado polo Consello Xeral do Poder Xudicial para Maxistrados pertencentes a seccións especializadas en violencia de xénero, celebrado en Madrid os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2005, acordouse que a agravación específica dos delitos de lesións, prevista no artigo 148.4 CP, se reserve, en exclusiva, para os supostos nos que o autor sexa varón e a vítima muller, e entre eles exista ou teña existido un vínculo matrimonial, de noivado ou de parella de feito¹¹. Porén, os mesmos membros da maxistratura puxeron de manifesto que esta situación de exclusión das parellas do mesmo sexo podería terse evitado incluíndo na norma penal unha referencia á irrelevancia do sexo e da orientación sexual dos membros da parella.

Afondando un pouco máis na cuestión, algúns autores, como Gómez Colomer, chegan a afirmar que é o propio discurso de xénero incorporado á Lei Orgánica 1/2004, e rexido polo

⁹ Vid. ACALE SÁNCHEZ, M., “Análisis del Código Penal en materia de violencia de género contra las mujeres desde una perspectiva transversal”, *REDUR*, nº 7, decembro 2009, p.41.

¹⁰ Vid. OLMEDO CARDENETE, M., *El delito de violencia habitual en el ámbito doméstico: Análisis teórico y jurisprudencial*, Atelier, Barcelona, 2001, pp. 52 e 53.

¹¹ Vid. QUINTERO OLIVARES, G., “La ley penal y la violencia de género”, en ROIG TORRES, M. (dir.), *Medidas de prevención de la reincidencia en la violencia de género. Tirant lo Blanch, Valencia*, 2014, p. 81, onde sinala que a diferenza punitiva non só é referida ao suxeito pasivo muller como rasgo diferencial, senón tamén ao suxeito activo, que é un home. Desde xeito, sinala o autor, quedan plenamente excluídas do ámbito de protección reforzada, as condutas efectuadas no seno de relacións homosexuais.

principio de máxima protección subxectiva¹², o que exclúe ás mulleres homosexuais vítimas de violencia nas relacións de parella, pois o artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004 define a violencia de xénero como unha manifestación do exercicio de poder e do control que historicamente exerceron e continúan a exercer os homes sobre as mulleres, na estrutura familiar patriarcal.

A Fiscalía Xeral do Estado, na súa Circular 4/2005, tamén exclúe ás parellas do mesmo sexo do ámbito de aplicación da Lei Orgánica 1/2004, pois ao seu entender, a dicción legal do artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004 implica que as parellas dun mesmo sexo quedaron excluídas do seu ámbito de especial protección aínda que non se pode ignorar que, nalgúns supostos, nelas poderían producirse relacións de dominación análogas ás perseguidas nesta Lei de interiorización e asunción dos roles masculinos e femininos e dos seus estereotipos sociais¹³.

Na mesma liña, Scheneider¹⁴ apuntou que, tradicionalmente, as agresións entre mulleres non se incluíron no ámbito da violencia de xénero porque a aceptación social desta clase de relacións afectivas é certamente recente e, por este motivo, tratouse de evitar o recoñecemento de novos problemas en relación ás mesmas. Asemade. Este autor afirmou que a inclusión desde tipo de agresións no marco de protección da violencia de xénero suporía, implícitamente, o recoñecemento da existencia dunha relación de poder ou subordinación, o cal iría en detrimento do postulado de que as relacións entre parellas de mulleres son igualitarias.

Non obstante, un sector doutrinal¹⁵ entende que, debido a que os tipos penais referidos á violencia de xénero empregan a mesma fórmula xenérica (“o que”) que o resto do Código Penal, en principio, nada obstaría para comprender que o suxeito activo poida ser indiferenciado.

Neste sentido, en opinión de Guinarte Cabada¹⁶, a pesar de que é posible que a vontade do lexislador fora a de protexer en exclusiva a relación home-muller, non existe extremo algún

¹² Vid. GÓMEZ COLOMER, J. L., *Violencia de género y proceso*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007, p. 27.

¹³ Vid. Circular 4/2005, *cit.*, p. 11. Tamén os 73 criterios adoptados por Maxistrados de Audiencias Provinciais con competencias exclusivas en Violencia de Xénero, na súa reunión de Madrid de 30 de nov y 1 y 2 de dic. de 2005, no mencionado Seminario de Formación, organizado polo CGPJ, e publicados na páxina web do CGPJ (interesan en concreto os criterios 3 y 4); CARBALLO CUERVO, M. A., “Estudio sobre la Ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género”, en VVAA, *Violencia Doméstica*, Sepín, Madrid, 2005, p. 12

¹⁴ Vid. SCHENEIDER, E., *Battered Women and Feminist Lawmaking*, New Heaven, Yale University Press, 2000.

¹⁵ Vid. por todos LARRAURI PIJOAN, E., “Igualdad y violencia de género. Comentario a la STC 59/2008”, *InDret, Revista para el Análisis del Derecho*, Barcelona, 2009, p 5.

¹⁶ Vid. GUINARTE CABADA, G., “Algunas cuestiones polémicas...”, *cit.*, p. 228 e 234.

na Lei Orgánica 1/2004, nin na súa Exposición de Motivos, nin no seu articulado que permitan afirmar esa limitación, polo que pódese entender que o suxeito activo desta clase específica de violencia pode ser, indistintamente, un home ou unha muller sempre que, iso si, o suxeito pasivo sexa unha muller.

Da mesma opinión é Larrauri Pijoan¹⁷, que afirma que a violencia entre mulleres tamén se produce nun contexto estruturado de xeito xerárquico, e onde unha delas exerce dominación sobre a outra. Non obstante, afirma que probablemente a intención da lei non era contemplar esta clase de supostos, polo que critica duramente a exclusión do ámbito de protección reforzado deste tipo de relacións, por tratarse dunha solución inadecuada e insatisfactoria para a violencia cando esta prodúcese entre dúas mulleres¹⁸.

3.1.2. Posición relacional

Outro elemento de reflexión plantéxase en relación á posición relacional dos suxeitos. Para que haxa unha condena por violencia de xénero, o delito ha de cometerse contra quen sexa ou teña sido cónxuxe ou contra persona que esté ou teña estado ligada ao condenado por unha relación de afectividade análoga á conxugal.

No caso plantexado na obra, Prudencia, a protagonista, está casada co seu agresor. Neste sentido, o ordenamento xurídico español, o inciso “quen sexa ou fose cónxuxe” fai que se inclúan neste apartado, tanto as relacións matrimoniais existentes e, por así dicilo, vixentes, como aquelas outras que xa cesaron.

O cese da relación matrimonial pode supoñer a ruptura do vínculo, como acontece nos casos de divorcio¹⁹, ou de nulidade, aínda que non necesariamente, como acontece nos supostos de separación²⁰.

¹⁷ Vid. LARRAURI PIJOAN, E., “Igualdad y violencia de género...”, *cit.*, p. 6. No mesmo sentido, *vid.* LARRAURI PIJOAN, E., *Criminología crítica y violencia de género*, Trotta, Madrid, 2007, pp. 50 e ss., onde a autora sinala que este regulación amosa dun xeito moi nítido a desigualdade estrutural que sofre a muller lesbiana, e que se manifesta en dúas vertentes: por unha parte, en relación cos homes e, por outra parte, en relación coas mulleres que se comportan, sexualmente, conforme aos cánones da sociedade patriarcal. Polo tanto, esta dobre exclusión súfrea como muller e como homosexual, sendo evidente para a autora que o discurso de xénero de España adolece dunha grave falta de respostas específicas a esta clase de violencia xa detectada, e concretada en problemas tales como a quen debe arrestar a policía cando non exista a variable de xénero que permita establecer distincións, ou os tratamentos específicos a que poderían ser sometidas as mulleres agresoras. A autora propón que se preste máis atención ás investigacións criminolóxicas, co obxeto de dar resposta á realidade de que existen mulleres maltratadas por outras mulleres.

¹⁸ Vid. LARRAURI PIJOAN, E., *Criminología crítica...*, *cit.*, pp. 50 e ss.

¹⁹ Vid. Título IV do Código Civil, sobre matrimonio. Neste senso, interesan as disposicións relativas a nulidade (Capítulo VI), separación (Capítulo VII) e disolución do matrimonio (Capítulo VIII).

²⁰ Vid. Art. 81 y ss. del Código Civil: la separación de hecho no produce efectos jurídicos. La separación legal, por su parte, supone la suspensión de la vida en común cuando se dicta sentencia de separación.

Na actualidade, non se plantexa discusión algunha acerca da clasificación como violencia de xénero dun caso onde, no seno do matrimonio, o home maltrata á esposa, como é o caso de Prudencia. Con todo, ao afondar un pouco nesta cuestión, xorde a dúbida de como calificar o maltrato que padece a muller con quen o agresor mantén unha relación extramatrimonial, é dicir, non está claro si este tipo de supostos teñen acollida no eido das relacións de afectividade análogas ás conxugais ou si, pola contra, deben quedar excluídas en todo caso.

En materia de relacións de afectividade análogas ás conxugais, son varias as modificacións normativas que se foron introducindo, de xeito paulatino, en dita terminoloxía.

En primeiro termo, a reforma de 25 de xuño de 1983 conferiu, ás situacións de afectividade existentes, de xeito permanente e estable, análogas ás conxugais, un tratamento penal idéntico, ás relacións matrimoniais.

En segundo termo, a LO 14/1999 incorporou, ao Código Penal, a alusión á análoga relación de afectividade con convivencia e, posteriormente, a reforma de 2003, estendeu dita protección ás relacións de afectividade análogas ás conxugais, aínda sen convivencia. Con estas dúas modificacións, o lexislador tentou dar resposta aos cambios sociais emerxentes no ámbito das relacións de parella. Neste sentido, a Circular 4/2003, da Fiscalía Xeral do Estado, de 39 de decembro, sobre novos instrumentos xurídicos na persecución da violencia doméstica, sinalaba, no seu apartado II.5, que a nova redacción do artigo 153 CP, albergaba unha serie de persoas que non se incluían na redacción anterior, dende o momento en que se incluíron as persoas unidas por unha relación de afectividade análoga á conyugal, aínda sen convivencia. Dita circular apuntaba xa un dos principais núcleos de controversia da actualidade: o da determinación das relacións incluídas neste eido específico de protección. Nin o art. 153 CP, nin o 173.2 CP, nin o art. 57.2 CP nin ningún outro fai referencia á relación de noivado, nin á relación de parella. Ambos termos, ademais, carecen dun contido semántico único e cerrado. Non obstante, no caso do noivado, o dicionario da RAE apunta que ostentan a condición de noivos: as persoas que acaban de casarse; quenes manteñen relacións amorosas con fins matrimoniais; e incluso quenes, sin intención de casarse ou de convivir, manteñen relacións amorosas. En relación ás dúas primeiras acepcións, non existe dúbida sobre a súa inclusión no ámbito de protección da violencia de xénero. Non obstante, a situación de protección da terceira acepción non é pacífica, é dicir, en aqueles supostos nos cales o suxeito activo do delito e a prexudicada manteñen unha relación amorosa sin intención algunha de casarse e sin convivencia, relación que, porén, na linguaxe común, si pode calificarse como “de parella”.

O inciso que recollen algúns artigos do Código Penal, como o 153 o 173 ou o 57, “quen sexa ou fose cónxuxe”, permite incluír neste apartado tanto as relacións matrimoniais

existentes e, por así dicilo, vixentes, como aquelas outras que cesaron, con independencia, neste último caso, de que o cese supuxera ou non a ruptura do vínculo²¹.

Estes preceptos tamén falan de persoas que estean ou estiveran ligadas ao condenado por unha “análoga relación de afectividade”²². O termo “afectividade” entraña, en esencia, dúas dificultades: por unha banda, a de determinar o seu propio contido e, por outra, probar a súa existencia. Comezando pola última, parece claro que a única forma de acreditala será mediante a confesión expresa ou a través de actos externos. Neste senso, é difícil concretar cal e como é a relación afectiva conxugal, porque non existen elementos no ordenamento xurídico que permitan determinala²³, nin sequiera nos arts. 66 a 71 do Código Civil.

Ademais, a variabilidade e mutabilidade que caracterizan á efectividade non casan coa idea de permanence e estabilidade inherentes ao matrimonio²⁴.

Por outra parte, a cláusula “aínda sin convivencia” procedente da reforma da LO 11/2003, provocou unha ampliación do ben xurídico protexido, máis alá da paz familiar ou da dignidade das persoas. O seu sentido foi dar entrada ás relacións de noivado ou a aquelas outras basadas nunha afectividade de carácter amoroso e sexual²⁵.

Polo exposto, é patente que a realidade desta conceptualización é moi complexa. Que hai que entender por relación de afectividade sin convivencia análoga á conxugal é unha cuestión por resolver, suxeita a unha enorme controversia xurisprudencial. Non obstante, os tribunais están de acordo, en primeiro termo, en que certas relacións de noivado, aínda sen convivencia, deben integrarse no ámbito penal e procesual da violencia de xénero, e, en segundo termo, en que as relacións puramente amistosas, así como as amorosas, que

²¹ Vid. arts. 73 y ss. do Código Civil, onde se regula a nulidade, a separación e o divorcio.

²² Sobre a dificultade de determinar que se entende por relación de afectividade análoga, vid. GUINARTE CABADA, G., “Algunas cuestiones polémicas...”, *cit.*, p. 218, onde sinala que o contido desta expresión non é fácil de precisar, posto que na realidade social actual existen infinidade de relacións humanas de parella, ou afectivo-sexuais, non existindo unha única clase estereotipada de relacións á que se poidan reconducir todas.

²³ Vid. GUERRA GONZÁLEZ, R., “A vueltas con la análoga relación de afectividad”, *Abogados. Revista del Consejo General de la Abogacía*, nº 85, abril, 2014; e MAGRO SERVET, V., “¿Cómo debe interpretarse la expresión “análoga relación de afectividad aun sin convivencia” en los delitos de violencia de género?”, *La Ley Penal*.

²⁴ Vid. ORGA LARRÉS, *Violencia de género...*, *cit.*, pp. 53 y ss., quen propón que o idóneo sería erradicar a afectividade como criterio rector das relacións de parella a favor do amor, ou a mera atracción sexual.

²⁵ Vid. STS 1376/2011, de 23 de decembro, da Sala Segunda del Tribunal Supremo (Id Cendoj 28079120012011101368); Vid. SAP de Segovia (Sección 1ª), nº 12/2005, de 1 de marzo (Id Cendoj 40194370012005100027); e SAP de Barcelona (Sección 10ª), nº 583/2004, de 7 de julio (Id Cendoj 08019370102004100505).

consisten en encontros episódicos ou esporádicos, máis ou menos estables, deben ser excluídas do ámbito de protección reforzada²⁶.

Sin embargo, e en especial, no ámbito das Audiencias Provinciais, apréciase unha grande disparidade de criterios no relativo á determinación das clases ou tipos de relacións de parella que teñen cabida en dito concepto. É aquí precisamente onde se complica o problema, ao valorar si as relacións extramatrimoniais teñen protección como relacións de afectividade análogas, ou non.

Un sector xurisprudencial mantén que estes supostos deben quedar excluídos da violencia de xénero. É o caso da Sección 4ª da Audiencia Provincial de Pontevedra²⁷, que na súa sentenza 51/2011, de 25 de marzo, resolveu un recurso de apelación contra a sentenza de 30 de marzo de 2010, do Xulgado do Penal nº1 de Pontevedra, na cual entendeu acreditada a existencia dunha relación sentimental de aproximadamente 8 meses, asimilable á conxugal.

O órgano xulgador condenou ó acusado como autor dun delito de maltrato no ámbito familiar e por un delito de lesións agravadas, absolvéndoo do delito de ameazas e dos malos tratos habituais.

Con todo, a Sección 4ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, ao estudar o tipo de relación existente entre os suxeitos, decantouse por entender que a definición dunha relación como análoga á matrimonial require, entre outras cousas, a acreditación da existencia de vínculos emocionais e sentimentais entre os suxeitos, así como a existencia dun proxecto de vida en común que se manifeste na súa vida cotidiana (aínda cando non convivan).

Asemade, esta Sala mantivo que son, en todo caso, exixibles as notas de continuidade e estabilidade. No caso concreto, a Sala defendeu a importancia de que a relación persoal gozase dun certo nivel de intensidade, compromiso, estabilidade e duración que a fixeran merecedora da asimilación ao matrimonio (ao que tamén poden contribuir a existencia de fillos en común, ou o recoñecemento de obrigas recíprocas²⁸), entendendo que estes elementos non quedaban acreditados no caso concreto. Por todo isto, estimou parcialmente o recurso, mantendo a condena polo delito de lesións do artigo 147.1 CP, pero rebaixando a calificación do maltrato de obra á categoría de falta do artigo 617.2 CP.

²⁶ Vid. SAP de Madrid (Sección 26ª), nº 848/2014, de 15 de decembro (Id Cendoj 28079370262014100708), e SAP de Madrid (Sección 27ª), nº 1272/2008, de 31 de outubro de 2008 (Id Cendoj 28079370272008101213) onde se indica que "sen dúbida, non toda relación afectiva, sentimental ou de parella pode ser calificada como análoga á conxugal"; SAP de Logroño (Sección 1ª), nº 27/2015, de 6 de febreiro (Id Cendoj 26089370012015100058).

²⁷ Vid. SAP de Pontevedra (Sección 4a), no 51/2011, de 25 de marzo (Id Cendoj: 36038370042011100108).

²⁸ Vid. SAP de Valencia (Sección 1a), nº 608/2009, de 26 de outubro (Id Cendoj 46250370012009100457).

Pola contra, outro sector xurisprudencial, si é partidario de incluír este tipo de ataques no marco de protección legal da violencia de xénero. Bo exemplo diso é a Sección 1ª da Audiencia Provincial de Alicante, que na súa sentenza 618/2012, de 13 de setembro de 2012²⁹, resolveu un recurso de apelación formulado polo condenado contra a Sentencia do Xulgado do Penal nº3 de Orihuela, de 22 de febreiro de 2012, pola que foi condenado por un delito de maltrato ocasional do art. 153.1 e 153.3 CP.

A Sección 1ª da Audiencia Provincial de Alicante confirmou a sentenza de primeira instancia, por considerar que as agresións sufridas pola muller incluíanse no ámbito da violencia de xénero, a pesar de manter o agresor e a vítima unha relación extramatrimonial. A Sala afirmou que o decisivo para a inclusión ou non no marco de protección da violencia de xénero non é a existencia dun proxecto de vida en común, pero si a acreditación dun grao de compromiso e estabilidade (aínda cando non haxa expectativas de futuro nin fidelidade).

Asemade, mantivo que non existe xustificación algunha para excluír do ámbito de protección reforzada este tipo de relacións onde existe unha clara intensidade emocional que se atopa na orixe da dominación e do control que o home exerce respecto da muller, aínda cando o formato da relación non sexa convencional, pois iso non obsta para que o contido da relación entre os membros da parella extramatrimonial sexa similar ao de unha relación cuxos membros non estean casados con terceiros e, sen embargo, non teñan tampouco intención de formar entre si un núcleo de convivencia habitual³⁰.

Este segundo sector é moi crítico coa tese restrictiva mantida polo primeiro posto que, tal e como afirma Magro Servet³¹, manter unha postura tan taxativa pode levar a situacións discriminatorias. En calquera caso, ambos sectores coinciden na exclusión das relacións puramente esporádicas e de simple amizade, onde a afectividade non se desenvolveu dunha forma que poida condicionar os móbiles do agresor como para entender que se trata de violencia machista.

²⁹ Vid. SAP de Alicante (Sección 1a), nº 618/2012, de 13 de setembro de 2012, (Id Cendoj 03014370012012100423).

³⁰ No mesmo sentido, vid. SAP de Sevilla (Sección 4a), nº 21/2009, de 15 de xaneiro (Id Cendoj 41091370042009100021).

³¹ Vid. MAGRO SERVET, V., “¿Cómo debe interpretarse la expresión “análoga relación de afectividad aun sin convivencia” en los delitos de violencia de género?”, *La Ley Penal*, quen plantexa que poden darse situacións discriminatorias si, por exemplo, o home mantén, de xeito simultáneo, dous núcleos de convivencia familiar, mediando nun deles matrimonio. Magro Servet apunta que, en caso de manter a tese restrictiva, si o home maltrata a ambas mulleres, únicamente sería merecedora de calificación de violencia de xénero a sufrida pola esposa, o que suporía unha clara discriminación por razón de matrimonio.

3.1.3. Clases de violencia

Outro dos aspectos que se atopan moi presentes na novela é o relativo ás posibles manifestacións de violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004 protexe, tal e como sinala no seu artigo 1.3 “todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade”. Na obra seleccionada, son constantes as manifestacións de todas e cada unha destas formas de violencia sinaladas na Lei Orgánica 1/2004³².

O relato de Prudencia aproxima ao lector ao seu día a día, cheo de momentos de tensión, agresións físicas e insultos constantes. Porén, tamén son reseñables os episodios nos que o marido amenázaa, impídelle saír á rúa, e incluso obrígaa a manter relacións sexuais. No caso da outra muller, a escritora nos acerca á súa historia, a través dunha serie de cartas que esta muller (cuxo nome descoñecemos), envía ao seu agresor. Neste caso, da forma en que a autora nos aproxima a esta relación, só temos acceso a episodios de violencia física.

3.1.4. Ciclo da violencia

Outro aspecto da violencia de xénero que expón con claridade na obra é o coñecido como “Ciclo de Violencia”, formulado por Lenore E. Walker no ano 1979. En esencia, o ciclo da violencia consta de tres fases: unha de tensión, unha de agresión e unha de calma (tamén coñecida como “lúa de mel”). Na novela obsérvase como se repite por completo este ciclo ata en dúas ocasións. A historia de Prudencia transcorre, durante máis da metade da obra, nunha primeira fase de tensión, onde esta vaise acumulando de xeito progresivo.

Aumentan os reproches, as hostilidades e os problemas no matrimonio, ata que a tensión deriva na agresión física que, como se pón de manifestó, vai acompañada dunha agresión sexual. Con posterioridade, a novela transcorre, con axilidade, pola fase de calma, situándose de novo na primeira fase de tensión, onde a muller tenta, a toda costa, “evitar” volver a ser agredida. Neste sentido, a autora da obra brinda ao lector a oportunidade de percorrer, dun xeito moi claro, todas e cada unha das fases do ciclo, e identificalas á perfección.

3.2. *O emprego de películas como recurso metodolóxico de ensino*

Outro recurso que facilita unhas posibilidades didácticas moi amplas son as películas. Ao igual que se expuxo no caso das novelas, unha adecuada selección de filmes permite a

³² Vid. MARÍN LÓPEZ, P., “La violencia de género desde la ley integral”, en *Congreso Abordaje Integral de la Violencia de Género Actualización: Zamora, Auditorio del Campus Universitario Viriato, 2, 3 y 4 de mayo de 2007, Libro de actas*, 2007, pp. 167 e ss.

aproximación do alumnado á violencia de xénero, dun xeito máis práctico. Neste caso, foi seleccionada a película española “Sólo mía”, dirixida por Alberto Balaguer e protagonizada por Paz Vega (no papel de Ángela), e Sergi López (no papel de Joaquín). A película, datada de 2001, é un bo exemplo para a abordaxe das cuestións referidas ao falar da novela “Algún amor que no mate” de Dulce Chacón. Porén, para non incidir nos mesmos aspectos, podemos destacar que a película data de 2001 e, polo tanto, presenta unha situación de violencia de xénero anterior á entrada en vigor da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

De feito, a película amosa boa utilidade para explicar as orixes da tipificación da violencia de xénero en España. A preocupación social pola violencia de xénero remóntase aos anos 80, cando o problema adquiriu unha dimensión pública. Un Informe da Comisión de Dereitos Humanos do Senado, publicado no ano 1989, puxo de manifesto como, até aquel preciso momento, o maltrato era entendido como un problema pertencente ao ámbito privado, á esfera familiar, por producirse os malos tratos no fogar, o cal, á súa vez, contribuía á súa ocultación social. Con este informe, a Comisión de Dereitos Humanos do Senado impulsou o recoñecemento da relevancia social da violencia familiar, e leváronse a cabo algunhas propostas coas que se pretendía confrontar os malos tratos a nivel individual, familiar, e social, procurando, á vez, a protección e a salvagarda dos dereitos constitucionais dos que moitas mulleres víanse privadas (como o dereito á igualdade, o dereito á liberdade ou o dereito á integridade física e moral, que se vían afectados polos abusos de autoridade ilexítimos, as vexacións, as situacións de violencia física, psíquica...) e que eran, e continúan a ser, consecuencia dunha conciencia social de subordinación da muller.

A pesar destes propósitos, o primeiro intento de tipificación deste tipo de violencia, concretado no artigo 425 do Código Penal, introducido pola Lei Orgánica 3/1989, de 21 de xuño, foi un fracaso, por varias razóns: o precepto incluía, de xeito indiferenciado, actos violentos producidos no seno de relacións persoais de moi diversa índole: afectivas, conxugais ou non, paterno-filiais...; adolecía dunha falta absoluta de determinación da habitualidade e o alcance da protección; incluía unha relación de suxeitos obxecto de tutela bastante cuestionable (a pesar de que, en principio, a finalidade do precepto era loitar contra a violencia de xénero); omitía calquera alusión aos actos de violencia psíquica ou de situacións complexas de conflito entre non convivintes en casos nos que o risco era patente (por exemplo en situacións de separación conxugal).

O fracaso deste primer intento de regulación, duramente criticado, foi achacado ao lexislador, por ter ignorado as recomendacións do xa mencionado informe da Comisión de Dereitos Humanos do Senado, e ter lexislado, en consecuencia, sin ter tomado conciencia das dimensións e complexidade do problema.

Esta primeira resposta punitiva, específica e autónoma, concretábase en penas de prisión que foron aumentando cos sucesivos cambios lexislativos. Sin embargo, a deficiente descripción da realidade tipificada facían desta unha resposta legal e do sistema penal inapropiada ante a violencia na parella. O resultado foi a inaplicación do precepto nos Tribunais, o que provocou que, na década seguinte á aprobación do mesmo, a violencia de xénero quedase impune, a pesar de ter coñecemento de que seguía existindo.

Coa aprobación do Código Penal de 1995, incluíuse a mesma tipificación na nova regulación, manténdose a prisión como pena. As sucesivas modificacións na materia fixeron que a resposta punitiva a esta lacra social fose variando de xeito considerable até a súa configuración actual, onde se mudou por completo o enfoque do problema, de modo que o texto penal, lexos de contar cun precepto específico, castiga unha amalgama de condutas (recollidas no artigo 57.1 CP: homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, trata de seres humanos, contra la liberdade e a indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómica) como violencia de xénero, sempre e cando ditos ilícitos se cometan contra a mujer que sexa ou fose cónxuxe, ou contra a persoa que esté ou estive ligada ao agresor por unha relación de afectividade análoga á conxugal.

4. CONCLUSIONES

Polo exposto, vemos que unha adecuada selección de novelas e películas curtas e sixelas conta cunhas posibilidades pedagóxicas amplias, neste caso, para coñecer a violencia de xénero dunha forma clara.

Permite que o alumnado se aproxime, dun modo sinxelo, ao fenómeno da violencia de xénero, e que cheguen a coñecer as súas dimensións. Asemade, bríndalle a posibilidade de desenvolver as súas capacidades interpretativas e relacionais, de xeito que sexan capaces de extraer tódolos contos que a obra expón, e relacionalos coa materia explicada nas clases expositivas.

Asemade, permítelles afondar nalgúns dos aspectos máis controvertidos da lexislación vixente en materia de violencia de xénero que, como se puxo de manifesto, céntrase, en esencial, na cuestión relativa á concreción do suxeito activo e a delimitación dos requisitos a ter en conta á ora de valorar que unha relación de afectividade é “análoga á conxugal” e merecedora, polo tanto, dunha protección reforzada.

Para finalizar, é preciso sinalar que a incorporación de novidades didácticas tamén encaixan á perfección coas premisas da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Asemade, estas metodoloxías tamén casan coa forma de educar promovida polo Espacio Europeo de Educación Superior. En concreto, o apartado 2 do seu Documento-Marco, ao plantexar novos retos para o sistema universitario español, dispón que a sociedade do coñecemento precisa de cambios e innovacións nas formas tradicionais de formación e comunicación da información. Incide, dun xeito máis específico, en que a institución universitaria debe desempeñar unha función decisiva neste novo escenario, onde a formación científica, humanística, artística e técnica adquire unha relevancia social transcendental para a construción dunha comunidade europea de cidadás e cidadáns.

Este desenvolvemento da sociedade do coñecemento, vai precisar de novas estruturas organizativas, máis flexibles, na educación superior, que á súa vez posibiliten, tanto un amplo acceso social ao coñecemento, como unha capacitación persoal crítica, que favoreza, como expresa o Documento-Marco, a interpretación da información e a xeración do propio coñecemento, para o que é preciso unha nova concepción da formación académica, máis centrada na aprendizaxe do alumnado, e unha revalorización da función docente do profesorado universitario que incentive a súa motivación e que recoñeza os esforzos encamiñados a mellorar a calidade e a innovación educativa.

BIBLIOGRAFÍA

ACALE SÁNCHEZ, M., “Violencia de género”, *Harlax, Revista técnica del Ertzaina*, nº 2001/38, abril 2000.

ACALE SÁNCHEZ, M., *La discriminación hacia la mujer por razón de género en el Código Penal*, Reus, Madrid, 2006.

ACALE SÁNCHEZ, M., “Victimas de la violencia de género y consecuencias jurídicas del delito para el agresor”, en CERVILLA GARZÓN, M. D., y FUENTES RODRÍGUEZ, F. (Coords.), *Mujer, violencia y derecho*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz, Cádiz, 2006.

ACALE SÁNCHEZ, M., “Análisis del Código penal en materia de violencia de género contra las mujeres desde una perspectiva transversal”, en VILLACAMPA ESTIARTE, C. (Coord.), *Violencia de género y sistema de justicia penal*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2008.

ACALE SÁNCHEZ, M., “Análisis del Código Penal en materia de violencia de género contra las mujeres desde una perspectiva transversal”, *REDUR*, nº 7, diciembre 2009.

ACALE SÁNCHEZ, M., “Ejecución de penas y tratamiento postdelictual del maltratador”, en DE HOYOS SANCHO, M. (Coord.), *Tutela jurisdiccional frente a la violencia de género. Aspectos procesales, civiles, penales y laborales*, Lex Nova, Valladolid, 2009.

BENÍTEZ JIMÉNEZ, M. J., “Estudio de una regulación anunciada: el delito de maltrato habitual”, *ADPCP*, Vol. LII, 1999.

BENÍTEZ JIMÉNEZ, M. J., “Las violencias habituales en el ámbito familiar: artículo 173.2 del Código Penal”, en VILLACAMPA ESTIARTE, C. (Coord.), *Violencia de género y sistema de justicia penal*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2008.

CARBALLO CUERVO, M. A., “Estudio sobre la Ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género”, en VVAA, *Violencia Doméstica*, Sepín, Madrid, 2005.

CARDINAUX, N., “La literatura en el proceso de investigación y enseñanza del derecho”, *Derecho y Ciencias Sociales*, nº 11, octubre 2014.

- “Inserciones de la literatura en la enseñanza del Derecho”, *Academia. Revista sobre la enseñanza del Derecho*, Año 13, nº 25, 2015.

CASABÓ RUIZ, J.R. en CÓRDOBA RODA, J., y otros, *Comentarios al Código Penal, Tomo II (arts. 23-119)*, Ariel, Barcelona, 1972.

COMAS D´ ARGEMIR I CENDRA, M., y QUERALT I JIMÉNEZ, J. J., “La violencia de género: política criminal y ley penal”, en VVAA, *Homenaje al Profesor Dr. Gonzalo Rodríguez Mourullo*, Thomson-Civitas, 2005.

DEL ROSAL BLASCO, B., “La política criminal contra la violencia doméstica: ¿alguien da más?”, en VVAA, *Estudios Penales en Homenaje al Profesor Cobo del Rosal*, Madrid, 2006.

DOMÍNGUEZ RUIZ, L., “Tutela procesal de la violencia de género: cuestiones controvertidas y soluciones recientes”, *Diario La Ley*, nº 7327, Sección Doctrina, 25 de enero de 2010, Año XXXI, Editorial LA LEY (LA LEY 21930/2009).

GÓMEZ COLOMER, J. L., *Violencia de género y proceso*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007.

GUERRA GONZÁLEZ, R., “A vueltas con la análoga relación de afectividad”, *Abogados. Revista del Consejo General de la Abogacía*, nº 85, abril, 2014.

GUINARTE CABADA, G., “Algunas cuestiones polémicas en la interpretación de los delitos de violencia de género”, en RODRÍGUEZ CALVO, M., VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, F., *La violencia de género. Aspectos médico-legales y jurídico-penales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.

LARRAURI PIJOAN, E., *Criminología crítica y violencia de género*, Trotta, Madrid, 2007.

LARRAURI PIJOAN, E., “Igualdad y violencia de género. Comentario a la STC 59/2008”, *InDret, Revista para el Análisis del Derecho*, Barcelona, 2009.

MAGRO SERVET, V., “¿Cómo debe interpretarse la expresión “análoga relación de afectividad aun sin convivencia” en los delitos de violencia de género?”, *La Ley Penal*.

MARÍN LÓPEZ, P., “La violencia de género desde la ley integral”, en *Libro de Actas del Congreso Abordaje Integral de la Violencia de Género Actualización: Zamora*, Auditorio del Campus Universitario Viriato, 2, 3 y 4 de mayo de 2007.

MARTÍNEZ DERQUI, J., *Encuentro Taller sobre conclusiones extraídas de los últimos informes elaborados por el Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género*.

MARTÍNEZ GARCÍA, E., *La prevención y erradicación de la violencia de género. Un estudio multidisciplinar y forense*, Aranzadi S.A., Navarra, 2012.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M. I., en GÓMEZ RIVERO, C. (coord.), *Nociones fundamentales de Derecho Penal. Parte General*, Tecnos, Madrid, 2010.

MARTÍNEZ PARDO, V. J., “La ejecución de las penas en los delitos de violencia de género”, en MARTÍNEZ GARCÍA, E. (Dir.), VEGAS AGUILAR, J. C. (Coord.), *La Prevención y Erradicación de la Violencia de Género*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor- Navarra, 2012.

MEDINA, J. J., *La violencia contra la mujer en la pareja: investigación comparada y situación en España*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2002.

MEDINA, L., y MARAÑÓN, M., *Leyes penales de España conforme a los textos oficiales*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1947.

MIR PUIG S., *Derecho Penal. Parte General*, Reppertor, Barcelona, 2004.

MIRAT HERNÁNDEZ, P., ARMENDARIZ LEÓN, C., *Violencia de género versus violencia doméstica: consecuencias jurídico-penales. Estudio del Título IV de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género*, Difusión Jurídica y Temas de Actualidad S.A., Madrid, 2006.

OLMEDO CARDENETE, M., *El delito de violencia habitual en el ámbito doméstico: Análisis teórico y jurisprudencial*, Atelier, Barcelona, 2001.

QUINTERO OLIVARES, G., “La ley penal y la violencia de género”, en ROIG TORRES, M. (dir.), *Medidas de prevención de la reincidencia en la violencia de género*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2014.

SCHENEIDER, E., *Battered Women and Feminist Lawmaking*, New Heaven, Yale University Press, 2000.

SUÁREZ LÓPEZ, J. M., “La importancia del empleo de metodologías innovadoras en la enseñanza del Derecho penal”, *Anales del Derecho*, nº 32, 2014.

VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, F. La caja 507 y el régimen jurídico-penal de los incendios forestales: (o sobre el cine como recurso didáctico en la enseñanza del Derecho Penal, en VIVES ANTÓN, T. S.; CARBONELL MATEU, J. C.; GONZÁLEZ CUSSAC, J. L.; ALONSO RIMO, A.; ROIG TORRES, M. *Crímenes y castigos. Miradas al Derecho penal a través del arte y la cultura*. Valencia: Tirant lo Blanch, 2014.

VILLALBA SÁNCHEZ, A. “La perspectiva de género en la docencia universitaria: el derecho del trabajo”, *Revista Internacional de Investigación e Innovación en Didáctica de las Humanidades y las Ciencias*. Santiago de Compostela, 2014.